



A APDR PRESENTA ALEGACIÓNS CONTRA O PLAN DO SOLO EMPRESARIAL DA XUNTA DE GALICIA

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) ven de presentar alegacións contra o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, e mais concretamente a aqueles polígonos industriais propostos para a comarca de Pontevedra, que poderían afectar á Ría e mais á súa contorna. Son dúas as áreas empresariais que veñen de seren rexeitadas pola APDR: o chamado Parque Loxístico Pontevedra-Vilaboa (Código da Área 36058011) que persegue a instalación dun porto seco en terreos de ámbolos dous concellos e que afecta ás dúas beiras do río dos Gafos, e a denominada Plataforma Loxística Marín-Pontevedra (Código da Área 36026011) que pretende ocupar con solo empresarial unha zona de enorme interese pola presenza de numerosos xacementos arqueolóxicos, que inclúe o Monte Pornado, coñecido popularmente como O Pituco.

En ámbolos dous casos apórtanse argumentos paisaxísticos, culturais, urbanísticos, e medioambientais, considerando as afeccións que un e outro proxecto terían sobre os cursos fluviais, a fauna e a flora da zona –que tanto na do río dos Gafos como na do monte Pornado requiren dunha especial protección pola presenza de endemismos e de especies ameazadas- e o patrimonio histórico e cultural.

Para a APDR non é admisíbel a instalación de industrias en zonas nas que non só había de provocar a destrución de ecosistemas que polo seu especial interese deben seren protexidos, senón que –cos seus posíbeis vertidos- poderían repercutir dun xeito importante sobre a nosa Ría, e menos aínda se a razón única para a instalación destas industrias é a falta de solo industrial nas instalacións portuarias, agravada pola resolución do 30 de outubro de 2009 do Tribunal Supremo que anula o Plan Especial do Porto de Marín e obriga á retirada dos recheos realizados ilegalmente no citado porto. Non se pode xustificar a agresión a unhas zonas como as que nos ocupan, en base á falta de solo industrial no Porto.

Neste sentido, solicítase que se atendan as alegacións presentadas e se declare de forma definitiva inviábel a execución destes proxectos e que sexan excluídos do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pontevedra, 5 de marzo de 2012

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR